

Programa do Obradoiro de Escrita Dramática nivel 1

- Achegamento á dramaturxia-

A dramaturxia é a arte da reprodución e representación da acción en escena. A través do texto (palabras e movementos) deseñamos mundos e xeramos situacións coas diversas ferramentas da escrita dramática: personaxes, tempos e espazos, conflitos, estruturas, temáticas e obxectivos.

Este obradoiro ofértase a todas aquelas persoas interesadas no teatro – profesionais ou non– e, máis concretamente, na escrita dramática. Desde un enfoque eminentemente práctico, coñeceremos e traballaremos na aula con todos os elementos necesarios para a elaboración dunha composición dramática.

O obxectivo principal deste curso é desenvolver e potenciar as habilidades creativas das participantes, dotándolles de todas as ferramentas necesarias para o entendemento e comprensión da dramaturxia e orientándolles na creación das súas propias escenas.

CONTIDOS

A metodoloxía das aulas combinará breves explicacións teóricas coa lectura e análise de textos dramáticos, así como exercicios prácticos de escrita e composición que permitan afianzar os contidos e desenvolver o estilo das participantes.

A DRAMATURXIA: ARTE E OFICIO

- Definición do termo.
- A escrita dramática fronte á épica e á lírica.
- Funcións na dramaturxia: dramaturga/o e dramaturxista.
- Mímese / Diéxese.

ESCRIBIR TEATRO: AS FERRAMENTAS DO DRAMA

- Trama de accións.
- O personaxe dramático.



- Tempo e espazo.
- Estrutura (interna e externa).
- Oralidade escénica: monólogo, soliloquio, diálogo.
- Didascalias e acotacións.
- Xéneros dramáticos.

ESTRUTURA DRAMÁTICA: COMPOSICIÓN E RITMO

- Estrutura aristotélica.
- Estrutura drama contemporáneo.

OUTRAS DRAMATURXIAS

- Escrita do performativo: a partitura escénica.
- Tipoloxías: posdrama, teatro danza, performance, *landscapes*.

OBXECTIVOS

- DEFINIR e TRABALLAR o concepto dramaturxia.
- COÑECER as ferramentas do drama.
- EXPERIMENTAR coa escrita.
- ATOPAR e DEFINIR o que e o como das historias.
- CREAR mundos de ficción.
- ESCRIBIR escenas breves.

TEXTOS QUE SE TRABALLARÁN NA AULA (*achegados polo docente*)

- *Litoral*, Wajdi Mouawad. KRK EDICIONES, 2010.
- *Memoria do incendio*, Vanesa Sotelo. DIFUSORA, 2012.
- *Despois das ondas*, Ernesto Is. DEPUTACIÓN DA CORUÑA, 2018.
- *Lonxe (Far Away)*, Caryl Churchill. GALAXIA, 2010.

PARTICIPANTES

- Persoas vencelladas ás artes escénicas –con e sen experiencia– ou apaixonadas da escrita e da creación de historias.

DOCENTE



ERNESTO IS (Xixón, 1988)

Titulado superior en arte dramática pola ESAD de Galicia na especialidade de dramaturxia e posgraduado en dramaturxia e argumento pola ESMAE de Porto, anteriormente fórmase no eido da realización e da produción audiovisual. Completa a súa formación xunto a profesionais como Sergio Blanco, Paula Carballeira, Alfredo Sanzol, Manuel Lourenzo, Raquel Queizás, Antonio Rojano, Mariano Barroso ou Bárbara Colio.

Ademais da súa faceta de dramaturgo, é narrador oral e traballa como docente de teatro e escrita dramática en diferentes organizacións e espazos. Forma parte do consello de redacción da Erregueté (Revista Galega de Teatro) e colabora habitualmente coa revista cultural A Movidade de Vigo e a Revista Grial da Editorial Galaxia.

No ano 2016 gaña (ex aequo) o Premio Abrente da MIT de Ribadavia coa obra *Fendas*. En 2017 obtén o Premio Rafael Dieste de Textos Teatrais da Deputación da Coruña con *Despois das ondas*, monólogo dramático sobre a vida da actriz franco-galega María Casares que foi levado á escena pola compañía ButacaZero o pasado 2019; montaxe pola que foi candidato a mellor texto orixinal nos XXIV Premios María Casares.

Participou no VI Programa de Dramaturgias Actuales do INAEM (2017), dando como resultado a peza *El hombre que soñaba con elefantes en las estrellas*. No 2018 forma parte do grupo de traballo para a escrita teatral do Centro Dramático Galego, coordinado por Manuel Lourenzo, co desenvolvemento da obra *Onde veñen morrer as baleas*. Este ano, os teatros Arriaga (Bilbao), Victoria Eugenia (Donostia) e Principal (Vitoria) seleccionaron o seu proxecto dramaturxico *Canciones amarillas para flores tristes* para participar no programa Antzerkigintza Berriak (Nuevas Dramaturgias).

Xunto ás compañías Feira do Leste e Belabesta Teatro ten estreadas tres das súas dramaturxias de proceso: *Exilio das Moscas* (2016), *Tras Tannhäuser* (2017) – axudas á Creación Joven 2016 do INJUVE– e *Epiderme* (2018).

Obra destacada

- 2019 ***Onde veñen morrer as baleas (no volume DramaturXA)***
Edicións Positivas e AGADIC, Compostela – ISBN 13-978-84-453-5328-8
- 2018 ***Despois das Ondas***
Deputación Provincial da Coruña, A Coruña – ISBN 978-84-9812-326-5
- 2018 ***Tras Tannhäuser (na colección Dramaturxia Galega Actual Vol. 1)***
Edicións Á Feira, Vigo – ISBN 978-84-09-00858-2
- 2018 ***Fendas***
Difusora de Letras Artes e Ideas, Ourense – ISBN 978-84-92958-45-0
- 2017 ***El hombre que soñaba con elefantes en las estrellas***
Edición online en Muestra de Teatro Español de Autores Contemporáneos